

Acta 30 Outubro de 2013

Casa da Fariña (Azcárraga 6). A orde do día é como sigue:

1. Novidades dos grupos de traballo
2. Documental Espacio Tanxente
3. Proposta de realización dun documental
4. Encontro co alumnado de Educación Social
5. Varios

1. Novidades dos grupos de traballo

Grupo de traballo Jail Art

O grupo non se chegou a reunir. Queda encargado Javi de organizar a reunión para a semana do 4 de novembro. Contactar con Carlos Botana.

Falase de proxectar o documental de Tono.

Grupo de traballo de Ondas do Cárcere / Comunicación

Gracias á radio estase a contactar coas asociacións. Aproveitar a forza da radio para seguir creando vínculos. Recoller os teléfonos das asociacións; poñerse en contacto cos presidentes...

Comunicación:

Implementar as accións con respecto ó ano pasado; para este trimestre traballarase nos correspondentes grupos deixando o tema das asociacións para o ano que ven.

Importancia do grupo dende o punto de vista propositivo. O grupo de comunicación debería estar facendo cousas. Comunicación interna e comunicación externa están funcionando ben. Falta a xeneración de ideas. Falta o "activo".

Posibilidade de facer un novo grupo de traballo denominado “Proxectos” que funcionaría como xenerador de ideas e grupo de actividades.

Falase de facer o traballo do grupo de entrada para ver qué se podería facer e logo ver as propostas que xa existían para posteriormente contactar coa xente. Trabállase mellor se temos un obxectivo e unha data para que poida haber máis xente nas assembleas e poidan participar.

Por outra banda, opinase que non ten sentido que haxa tantos grupos sendo ó redor de sete persoas. As reunións non son operativas con grupos pequenos. Centrarse en 2 ou 3 grupos. Decisión entre todos e dentro de 3 meses ver o que hai. Enfocar no que queremos traballar e centrarnos.

Quédase en pensar sobre o tema do grupo “Proxectos” ata a próxima assemblea.

Grupo de traballo Finanzamento

Fálase de cómo se poden xerar cartos. Varias propostas:

- O Soho: polo de agora bastante frío. Experiencia boa pero con mellor tempo.
- Obradoiro de camisolas recicladas.
- Venda de camisolas (Documental Burgos: na Luis Seoane non se pode vender, pero poñeremos a mesa de información e logo se podemos venderemos camisolas).
- Casa Tomada: actividade ó mes; “Sunday Brunch carcelario” (pequeno almorzo forte con actividades; espacio para todas as idades. Trasladar o Soho á Casa Tomada. Café bar do cárcere na Casa Tomada (xente a tocar; performance, actividades...Obxectivo: xerar cartos mediante comida e bebida. Estas actividades pensadas para xaneiro.

Casa Tomada como proxecto de laboratorio para logo entrar no cárcere.

Grupo Casa Tomada

Reúnense con Óscar na Casa Tomada Pepe, Tono, Patxi e Javi.

A Casa Tomada funciona con un grupo directivo que decide e aproba. Teñen un protocolo e unha programación moi dirixida. Grupo moi pechado baseado na confianza.

Non sabemos como PC podería entrar a formar parte da Casa Tomada. A Óscar pareceulle ben a idea pero dependía do grupo directivo. A forma de entrar sería pouco a pouco. Teríamos que propoñerlles algo, facer pequenas propostas ó grupo de actividades (grupo máis activo), que o estudiasen, aprobasen e ir gañando a súa confianza.

Importante saber quen é a referencia na Casa Tomada para preguntar se se poden facer cousas.

Pensar en cal é a actividade para empezar. Dotar de contido o brunch con actividades artísticas; actividade charla, (xuntar á xente de Vigo e Ourense); facer unha proposta de un día de actividades culturais, música, proxeccións acompañando o brunch; contido aberto para ese posible día. Proponse facer unha comisión para organizar e redactar a proposta.

Pensar en qué tipo de relación queremos ter coa Casa Tomada.

2. Documental Espacio Tanxente

O falado nos mails. Está aberto a Seoane. Asumiremos o risco e en caso de que non se poidera levar a cabo alí, aproveitarase como ferramenta para criticar ó concello. A Casa da Fariña preséntase como alternativa.

O tema da difusión xa está lanzado. Importancia de empregar Info Coruña.

Levarase a cabo unha presentación o día sinalado para dar posteriormente paso ó documental. Na mesa estarán xente da Memoria Histórica e as dúas persoas de Burgos. Finalizarase con un debate.

3. Proposta de realización dun documental

Unha persoa púxose en contacto con Proxecto Cárcere a título particular para propoñernos facer un documental con persoas que estiveron no cárcere. A idea é colaborar con nós.

Esta persoa facería a entrevista e nós grabariamos. Importancia pola documentación.

Tono e Mariola ofrécense para o traballo.

4. Encontro co alumnado de Educación Social

Día 11 de novembro ás 18.00 en Santiago de Compostela. Día de clase.

Presentarán Imos entrar e Proxecto Cárcere.

Participarán por PC Carmen, Laura e Tono. (ver financiamento desta actividade)

Alberto preguntará a Martiño (Imos entrar) sobre unha dinámica do cárcere de Ourense.

Propónse a posibilidade de facer unha dinámica tipo “E ti que facerías aquí” para que participe a xente.

5. Varios

- Falase de Triones.

Triones: terapias con cabalos. Proxecto localizado na urbanización Breogán (ó carón do cemiterio de Feáns) nun centro comercial a medio facer no cal recuperan cabalos e fan terapia con eles con nenos con discapacidade e con rapaces con problemas de integración social. A persoa que leva o proxecto compra unha parte ó constructor da urbanización e aluga outra parte.

Proxecto interesante (sen cartos) para coñecelo como proxecto produto da especulación (centro comercial abandonado) e como proxecto con un uso social. Centro de xuventude, espacio de encontro social; espacio para laboratorio de PC. Visitar o proxecto.

- Quédase en fixar unha hora para empezar e finalizar a assemblea. Concretar acordos nos cinco primeiros minutos quen vai a moderar, qué tempos se lle vai a dedicar a cada tema, etc.)